



ACTA Nº 2020/11

SESIÓN Ordinaria DO PLENO DA CORPORACIÓN

- SALÓN PLENOS CONCELLO DE CEE, venres 26 de xuño de 2020 -

No día de hoxe, ás 20:00 horas, baixo a presidencia da alcaldesa, reúnen os concelleiros e concelleiras que se indican, coa asistencia do secretario, que subscribe, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, Sesión Ordinaria do Pleno da Corporación.

PRESIDE:

MARGARITA LAMELA LOUZAN

ASISTEN:

PSOE

RUBEN VILLAR AGULLEIRO

JUAN MANUEL BUITURON CARBALLO

EMILIA MARIA TRILLO LOJO

BNG

SERXIO DOMINGUEZ LOURO

CESAR PEREZ MARTINEZ

PP

JOSE ANTONIO DOMINGUEZ GARCIA

AGUEDA MARIA DIAZ MEJUTO

MARIA VICTORIA AREAS POSE

IXCee

RAMON VIGO SAMBADE

MARIA DEL PILAR IGLESIAS LEMA

MARIA DEL CARMEN DIAZ FREIRE

Grupo Mixto

JUAN RAMON HERMIDA FANDIÑO

SECRETARIA:

ROCIO HERMIDA CANCELA

INTERVENTORA:

ROSA M^a FERNÁNDEZ CANOSA

Constátase a presenza de membros deste órgano en quórum suficiente, polo que o alcalde, como Presidente, declara aberta a sesión. Procédese a tratar os asuntos incluídos na **ORDE DO DÍA:**

A. PARTE RESOLUTIVA

1. Aprobación ope legis das actas das sesións anteriores (no seu caso, de decisións sobre observacións formuladas respecto de erros materiais ou de feito (art. 91.1 do R.D. 2568/1986), que se detallan:

1. Acta da sesión celebrada o 29 de maio de 2020.

Sométese á votación o borrador e resulta aprobado por unanimidade dos asistentes á sesión plenaria.

2. Acta da sesión celebrada o 15 de xuño de 2020.

Sométese á votación o borrador e resulta aprobado por unanimidade dos asistentes á sesión plenaria.



DA COMISIÓN INFORMATIVA DE ECONOMÍA E FACENDA

2. Proposta da alcaldía relativa a relativa a Modificación da Ordenanza Reguladora da Taxa por ocupación de terreos de uso público local con mesas, cadeiras, tribunas, tablados e outros elementos análogos con finalidade lucrativa (BOP nº 299 do 31.12.1998).

Considerando o Ditame que literalmente se transcribe:

Na sesión realizada pola Comisión Informativa de Comisión Informativa de Economía e Facenda o día xoves 18 de xuño de 2020 emitíuse o seguinte **DITAME**:

“2. Proposta da Alcaldía relativa a Modificación da Ordenanza Reguladora da Taxa por ocupación de terreos de uso público local con mesas, cadeiras, tribunas, tablados e outros elementos análogos con finalidade lucrativa (BOP nº 299 do 31.12.1998).

Considerando a seguinte:

“PROPOSTA ALCALDÍA

EXPEDIENTE Nº: 2020/G016/000001

ASUNTO: MODIFICACIÓN ORDENANZA REGULADORA DA TASA POR OCUPACIÓN DE TERREOS DE USO PÚBLICO LOCAL CON MESAS, CADEIRAS, TRIBUNAS, TABLADOS E OUTROS ELEMENTOS ANÁLOGOS CON FINALIDADE LUCRATIVA (BOP nº 299 do 31.12.1998).

Considerando a necesidade e conveniencia da adopción de medidas que palién a incidencia que na actividade económica ha suposto o Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, e en particular nalgunha das contidas na relación de equipamentos e actividades cuxa apertura ao público queda suspendida, contempladas no anexo do mesmo, a cuxo efecto se considera conveniente que se proceda á adaptación con carácter temporal, da normativa municipal, que permita a non esixencia da taxa por ocupación de terreos de uso público local con mesas, cadeiras, tribunas, tablados e outros elementos análogos con finalidade lucrativa (BOP nº 299 do 31.12.1998), sectores estes, os das actividades de bares, restaurantes, sobre os que as medidas de confinamento produciron evidentes prexuízos, cuxo retorno á actividade non se preve inmediato e sobre os que se considera conveniente alixear as cargas tributarias dependentes directamente da vontade municipal que permitan, xunto a outras medidas, a reactivación da economía local.

Das distintas formulacións posibles para levar a cabo a medida, a incorporación dunha disposición transitoria á ordenanza fiscal é a que responde de maneira máis efectiva aos principios de economía e eficacia na actuación municipal, así como a contía estimada a que ascendería unha anualidade na aplicación da medida proposta, sen prexuízo de contemplar a devolución daquelas contías da taxa que se correspondesen cos períodos en que deixasen de ser de aplicación.

Considerando que todas as reducións nos tributos que se produzan no ámbito do conxunto das Administracións Públicas deben ser compatibles cos obxectivos de estabilidade orzamentaria, cuxo remate último é que tales medidas tributarias non alteren o cumprimento dos obxectivos de redución de déficit, teito de débeda e período medio de pagamento a provedores.

Visto o disposto na Sección 2ª do Capítulo III, Título I do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, en canto á



imposición e ordenación de tributos locais. Visto o disposto no artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, e de conformidade co mesmo, a presente proposta responde os principios de necesidade e eficacia, xustificada polo interese xeral e clara identificación do remate perseguido, sendo a modificación da ordenanza o instrumento máis adecuado para a súa consecución, o de proporcionalidade, por conter a modificación proposta a regulación imprescindible para levala a cabo, o de seguridade xurídica e transparencia, seguindo o procedemento conforme ao ordenamento xurídico vixente para a modificación de ordenanzas fiscais, e ao de eficiencia por non supoñer cargas administrativas adicionais. En uso das facultades atribuídas pola lexislación vixente, **PROPOÑO AO PLENO DA CORPORACIÓN** a adopción do seguinte **ACORDO**:

A) Modificación da Ordenanza Reguladora da Taxa por ocupación de terreos de uso público local con mesas, cadeiras, tribunas, tablados e outros elementos análogos con finalidade lucrativa (BOP nº 299 do 31.12.1998).

Primeiro.- Introducir unha Disposición Transitoria na presente ordenanza, quedando redactada nos seguintes termos:

Disposición Transitoria Única. Medidas Covid-19

1.-Desde a entrada en vigor da presente disposición transitoria ata o 31 de decembro de 2021, a presente taxa non será esixible ao feito imponible derivado da realización de ocupacións de terreo de uso público local con mesas, cadeiras, tribunas, tablados e outros elementos análogos.

2.- Procederá a devolución do importe correspondente da taxa devengada e pagada e derivada das autorizacións de ocupación a que refírese o punto anterior, polo período autorizado posterior á entrada en vigor da presente disposición transitoria.

B) Sinalar como data de entrada en vigor da presente modificación a partir do día da súa publicación definitiva no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e será de aplicación a partir do expresado día.

C) Dar publicidade ao presente acordo no portal web municipal, durante o prazo de exposición pública a que fai referencia o punto seguinte, co obxecto de dar audiencia aos cidadáns afectados e solicitar cantas achegas adicionais poidan facerse por outras persoas ou entidades.

D) Que se expoña ao público para efectos de exame e reclamacións polo prazo de 30 días coa advertencia que de non producirse ningunha, consideraranse definitivamente aprobadas, debendo publicarse integramente as modificacións acordadas.

E) O presente expediente atoparase a disposición do público durante o prazo de exposición para o seu exame e consulta nas Oficinas municipais.

Asinado dixitalmente ao marxe.
Alcaldesa do Concello de Cee.
Margarita Lamela Louzán."

Sométese á votación a proposta e resulta ditaminada favorablemente no seguinte sentido: 1 abstencións do grupo político BNG e 7 votos a favor dos restantes concelleiros/as asistentes á sesión.

A secretaria, ROCÍO HERMIDA CANCELA.



INTERVENCIÓNS

Intervén a Sra alcaldesa e di que xa coñecen a proposta, a suspensión da taxa durante o ano 2020 e 2021.

Non se producen mais intervencións

VOTACIÓN

Sométese á votación o ditame e resulta aprobado por unanimidade.

DA COMISIÓN INFORMATIVA DE PRESIDENCIA, BENESTAR SOCIAL, IGUALDADE E EMPREGO

3. Proposta da Alcaldía relativa á cesión gratuita a Xunta de Galicia, da antiga Casa Consistorial de Cee (ou antiga casa da música, RC 4759903MH8545N0001RJ) para adicar a nova oficina de emprego da área funcional de Cee.

Considerando o seguinte Ditame:

“Na sesión realizada pola Comisión Informativa de Comisión Informativa de Presidencia, Benestar Social, Igualdade e Emprego o día xoves 18 de xuño de 2020 emitíuse o seguinte **DITAME**:

“2. Proposta da Alcaldía relativa á cesión gratuita a Xunta de Galicia, da antiga Casa Consistorial de Cee (ou antiga casa da música, RC 4759903MH8545N0001RJ) para adicar a nova oficina de emprego da área funcional de Cee.

Considerando a seguinte:

“PROPOSTA ALCALDÍA

ASUNTO: Cesión gratuita a Xunta de Galicia, da antiga Casa Consistorial de Cee (ou antiga casa da música, RC 4759903MH8545N0001RJ) para adicar a nova oficina de emprego da área funcional de Cee.

Primeiro.- En data 6 de maio de 2020 solicitouse por parte da Xunta de Galicia a cesión gratuita do uso por 50 anos a favor da Comunidade Autónoma do edificio municipal da antiga escola de música para destino a oficina de Emprego. Como indica na solicitude a Comunidade Autónoma dispón dos medios necesarios para destinar o ben aos fins públicos a que se vai destinar.

Segundo.- En data 12 de xuño de 2020, a Xunta de Galicia presenta neste Concello un PROGRAMA DE NECESIDADES PARA A NOVA OFICINA DE EMPREGO DE CEE, TRAS A REHABILITACIÓN DO EDIFICIO “ANTIGA CASA CONSISTORIAL DE CEE”(PROVINCIA DA CORUÑA) no que se indica, entre outros extremos:

“A Xunta de Galicia solicitou ao Concello de Cee a cesión gratuíta, por un período de 50 anos, da antiga Casa Consistorial de Cee (ou antiga casa da música) para un novo uso que consiste en utilizar o edificio como a nova oficina de emprego da área funcional de Cee.

O edificio a rehabilitar, con referencia catastral: 4759903MH8545N0001RJ, conta cunha superficie construída de 561 m2 segundo a ficha de consulta descritiva e gráfica dos datos catastrais en bens inmobles de natureza urbana. Esta superficie está repartida en 3 andares de 171, 195 e 195 m2 respectivamente.

Actualmente conta cunha entreplanta executada entre a planta baixa e o primeiro andar.

O programa de necesidades da nova oficina de emprego ven determinado polo número de persoas traballadoras do SEPE (4) e da Xunta (11) coas que contan as actuais dependencias.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



Por tanto, unha vez constatadas as necesidades actuais da oficina e tendo en conta o anexo 2 da Orde ministerial pola que se establecen as bases para renovación das oficinas de emprego, os espazos mínimos a contemplar no proxecto de rehabilitación do edificio (...)"

Terceiro.- O Concello de Cee é titular de dita edificación, así consta no Inventario Municipal de Bens (Nº 1.1.0002, natureza patrimonial) e no Rexistro da Propiedade de Corcubión, Finca rexistral 6.101, Folio 247, Tomo 365, Libro 55.

Cuarto.- Segundo dispón o artigo 109. 2 do Real Decreto 1372/86, de 13 de xuño polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais, "los bienes inmuebles patrimoniales no podrán cederse gratuitamente sino a entidades o instituciones públicas para los fines que redunden en beneficio de los habitantes del término municipal, (...)".

Por tanto, a cesión deberá efectuarse de conformidade co procedemento previsto no Regulamento de Bens das Entidades Locais e para a finalidade concreta que se xustifique, producíndose a reversión automática en caso de incumprimento ou falta de uso do mesmo. Procedemento establecido no artigo 110 do Regulamento de Bens citado, que o regula do seguinte modo:

"En todo caso, la cesión gratuita de los bienes requerirá acuerdo adoptado con el voto favorable de la mayoría absoluta del número legal de miembros de la corporación, previa instrucción del expediente, con arreglo a estos requisitos:

- a) Justificación documental por la propia entidad o institución solicitante de su carácter público y memoria demostrativa de que los fines que persigue ha de redundar de manera evidente y positiva en beneficio de los habitantes del término municipal.*
- b) Certificación del Registro de la propiedad acreditativa de que los bienes se hallan debidamente inscritos en concepto de patrimoniales de la Entidad Local.*
- c) Certificación del Secretario de la corporación en la que conste que los bienes figuran en el inventario aprobado por la corporación con la antedicha calificación jurídica.*
- d) Informe del interventor de fondos en el que pruebe no haber deuda pendiente de liquidación con cargo al presupuesto municipal.*
- e) Dictamen suscrito por técnico que asevere que los bienes no se hallan comprendido en ningún plan de ordenación, reforma o adaptación, no son necesarios para la Entidad local ni es previsible que lo sean en los diez años inmediatos.*
- f) Información pública por plazo no inferior a quince días".*

Quinto.- Así pois, consta no expediente, a seguinte documentación:

- 1.- Xustificación documental por parte da entidade solicitante do seu carácter público fins que persegue, en consecuencia a cesión redundará de maneira positiva en beneficio dos habitantes do termo municipal.
- 2.- Certificación do Rexistro da Propiedade de Corcubión que acredita que o ben se atopa debidamente inscrito a nome da Entidade Local, con carácter de patrimonial.
- 3.- Certificación da Secretaria Xeral, na que consta que o ben en cuestión figura no Inventario municipal aprobado pola Corporación, coa anteriormente mencionada cualificación xurídica.
- 4.- Informe da Interventora, sobre a inexistencia de débeda pendente de liquidación con cargo ao orzamento municipal.
- 5.- Informe suscrito por técnico que asevera que o ben non se atopa comprendido en ningún plan de ordenación, reforma ou adaptación, e que non é necesario para a Entidade Local nin é previsible que o sexa nos dez próximos anos.
- 6.- Informe preceptivo da Secretaria Xeral sobre a lexislación aplicable e a adecuación do procedemento.



Exp. 2020/G010/000011

Por todo o anteriormente exposto, e en uso das facultades atribuídas pola lexislación vixente, **PROPOÑO** ao Pleno o seguinte **ACORDO**:

Primeiro.- Ceder gratuitamente a Xunta de Galicia, por un prazo de 50 anos, con destino a *nova oficina de emprego da área funcional de Cee*, a antiga Casa Consistorial de Cee (ou antiga casa da música, RC 4759903MH8545N0001RJ) de propiedade municipal, cualificada como ben patrimonial, libre de cargas e gravames, Finca rexistral 6.101, Folio 247, Tomo 365, Libro 55.

Segundo.- Condicionar a cesión do inmovible ao destino descrito, sendo a conta da Xunta de Galicia todos os gastos que se deriven, debendo manterse o destino, polo que en caso de incumprimento bastará acta notarial de constancia de feitos acreditándoo, acompañada do acordo de cesión para volver inscribir no Rexistro da propiedade os terreos a favor do Concello, coas súas pertenzas e accesorios, por dereito de reversión.

Terceiro.- Publicar o acordo no Boletín Oficial da Coruña por prazo de 20 días, para efectos de reclamacións e alegacións. De non producirse estas, o acordo considerarase definitivamente aprobado.

Cuarto.- Remitir a documentación necesaria ao Rexistro da Propiedade correspondente para que efectúe os oportunos asentos rexistrais, así como ao órgano competente da Comunidade Autónoma de Galicia, Xunta de Galicia, Consellería de Economía, Emprego e Industria, para o seu coñecemento e efectos oportunos, como dispón o artigo 109.2 do Regulamento de Bens das Entidades Locais.

Quinto.- Facultar a Sra. Alcaldesa Presidenta para que, en nome e representación do Concello de Cee, realice os actos necesarios para a formalización dos anteriores acordos, así como para a adopción de rectificacións do presente.

Asinado dixitalmente ao marxe.

Alcaldesa do Concello de Cee.

Margarita Lamela Louzán.”

Sométese á votación a proposta e resulta aprobada por unanimidade dos presentes.

A secretaria, ROCÍO HERMIDA CANCELA.”

INTERVENCIÓNS

Sra alcaldesa di que xa coñecen a proposta.

Non se producen intervencións

VOTACIÓN

Sométese á votación o Ditame e resulta aprobado por unanimidade dos presentes.

4. Proposta da Alcaldía relativa á creación da Comisión Especial Post Desescalada COVID-19.

Considerando o seguinte Ditame:

Na sesión realizada pola Comisión Informativa de Comisión Informativa de Presidencia, Benestar Social, Igualdade e Emprego o día xoves 18 de xuño de 2020 emitíuse o seguinte **DITAME**:

“3. Proposta da Alcaldía relativa á creación da Comisión Especial Post Desescalada COVID-19.

Considerando a seguinte:

“PROPOSTA ALCALDÍA

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



ASUNTO: Creación da COMISIÓN ESPECIAL POST DESESCALADA COVID-19.

Margarita Lamela Louzán, alcaldesa do Concello de Cee, de conformidade co disposto nos artigos 20.1 c) da Lei 7/1985, de 2 de abril reguladora das Bases de réxime local, artigos 124, 125, 126, 134 e 135 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais **PROPOÑO** ó Pleno do Concello, a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO.- A constitución da COMISIÓN ESPECIAL POST DESESCALADA COVID-19.

SEGUNDO.- A Comisión estará composta, polos seguintes membros:

Presidenta:

Alcaldesa do Concello ou membro da Corporación en quen delegue.

Vogais Concelleiros/as:

Portavoz do Grupo Municipal do P.P.

Portavoz do Grupo Municipal de IxCee.

Portavoz do Grupo Municipal do BNG.

Portavoz do Grupo Mixto.

Vogais Concelleiros/as suplentes correlativamente:

Agueda Díaz Mejuto e M^a Victoria Areas Pose.

Pilar Iglesias Lema e Carmen Díaz Freire.

César Fernando Pérez Martínez

Secretaria: A do Concello ou habilitado que legalmente a substitúa.

Sen prexuízo de solicitar asistencia técnica.

TERCEIRO.- A finalidade da Comisión será o estudo de medidas a adoptar no período hacia unha nova normalidade consecuencia do COVID-19, as sesións terán lugar coa antelación suficiente nos días e horas que estableza a Alcaldesa-Presidenta das mesmas, que se fará constar na respectiva convocatoria, cun mínimo de dous días hábiles de antelación á sesión da correspondente sesión informativa competente, por razón da materia.

Asinado dixitalmente ó marxe.

Sra alcaldesa.

Margarita Lamela Louzán.”

Sométese á votación a proposta e resulta aprobada por unanimidade dos presentes.

A secretaria, ROCÍO HERMIDA CANCELA

_____ **INTERVENCIÓNS** _____

Sra alcaldesa di que xa coñecen igualmente a proposta

Non se producen intervencións.

_____ **VOTACIÓNS** _____

Sométese á votación o Ditame e resulta aprobado por unanimidade dos asistentes.

B. PARTE DE NON RESOLUTIVA DE CONTROL E SEGUIMENTO DA XESTIÓN DE ÓRGANOS DE GOBERNO.



5. Dar conta de resolucións da alcaldía para coñecemento: N° 321/2020 do 25 de maio á N° 406/2020 de 19 de xuño.

Quedan enterados/as.

6. Mocións de urxencia.

Intervén o Sr Dominguez García e presenta a moción que entrega respecto o Regulamento de Costas.

MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR EN RELACIÓN COAS CONCESIÓN NAS ZONAS DE DOMINIO PÚBLICO MARÍTIMO-TERRESTRE

O Grupo Municipal Popular o concello de Cee, de acordo co disposto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais desexa elevar ao Pleno Municipal a seguinte Proposta de MOCIÓN:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A modificación do regulamento xeral de Costas iniciada polo goberno socialista de Pedro Sánchez ten xerado dende o seu inicio unha grande inquietude entre as industrias situadas no litoral galego. Esta situación podería ocasionar graves prexuízos a máis dun centro de empresas e outras actividades do complexo mar-industria, así como a milleiros de edificacións galegas asentadas no litoral. De feito, a estrita interpretación da normativa actual xa está a afectar a algunhas empresas que viron como a renovación da prórroga das súas concesións se producía por un tempo inferior a un ano.

Esa inquietude foi compartida pola Xunta de Galicia que estivo ao lado dos afectados dende hai máis dun ano reuníndose con eles e con representantes locais e expresando as súas reservas ante o Ministerio de Transición Ecolóxica. O Grupo Parlamentario Popular recolleu tamén esa inquedanza social e rexistrou unha proposición non de lei que foi aprobada no Pleno de 29 de abril de 2019 co seguinte texto:

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a que demande do Goberno do Estado o seguinte:

-Que se dea traslado á Xunta dun informe exhaustivo sobre todas as concesións que se verían afectadas pola modificación do Regulamento de costas. En concreto, de todas aquelas que xa non poderían ser obxecto de prórroga ningunha.

-Que de tramitarse unha modificación do Regulamento de costas, se adapte á lei que lle serve de cobertura e, polo tanto, que se retire na súa redacción actual por non axustarse á dita normativa.

-Que o procedemento de reforma do Regulamento xeral de costas (RD876/2014, do 10 de outubro) se desenvolva con escrupuloso respecto aos principios de legalidade, de xerarquía normativa consagrado no artigo 9.3 da Constitución española de 1978, e de transparencia na información relativa ao dito procedemento de reforma e coa participación de toda a cidadanía, sectores afectados e institucións, sometemento de novo a consulta pública o borrador de regulamento á vista das alegacións recibidas.” Sabemos que Galicia solicitou en varias ocasións ao Goberno central que paralizase esta modificación legislativa, ao mesmo tempo que se pediu axuda do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación para que defendese ao sector neste proceso.

Fontes do PSdG-PSOE afirmaron hai ben poucas semanas, tanto en plenos municipais como a través dos medios de comunicación, que este proceso de reforma e aplicación hiperrestritiva da normativa quedaba sen efecto e que a paralización da modificación era un feito, cuestión nunca comunicada oficialmente e que se baseaba na información que supostamente manexaban estas persoas do nomeado partido.

Recentemente, vimos de coñecer que os temores expresados por Xunta, PP e sector estaban

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



seriamente fundados. Por un lado, hai xa dúas empresas galegas afectadas pola interpretación restritiva da norma, o que podería o que podería levar a máis de 250 persoas a perder o seu emprego, alén da economía que estas firmas xeran tanto directa como indirectamente. Pero, a maior abundamento, acabamos de saber que o Goberno central ven de a propor a modificación dunha cuestión esencial como é o da duración das concesións no dominio público marítimo-terrestre a través da Lei de Cambio Climático, e todo elo sen xerar diálogo ningún cos afectados.

Ambos feitos confirman que o proceso de reforma da Lei de Costas non estaba paralizado, senón que se está a levar a cabo con escurantismo e sen ningunha vontade de diálogo, a través da imposición, tal e como se alertou no seu momento desde a Xunta e desde o propio sector afectado.

En definitiva, desde este grupo político sempre defendemos unha normativa que teña presente a necesaria viabilidade e sustentabilidade das industrias vencelladas ao mar, xerando nelas a suficiente seguridade xurídica, cun escenario claro e preciso para que as empresas poidan seguir a desenvolver a súa actividade con normalidade e xerando riqueza nas nosas vilas costeiras.

Por todo o anteriormente exposto, o Grupo Municipal Popular presenta a seguinte MOCIÓN ante o Pleno da Corporación:

O Concello de Cee insta ao Goberno de España a:

- 1. Que deixe sen efecto a proposta de modificación dos prazos concesionais en zona de dominio público marítimo-terrestre formulada a través do artigo 18 do proxecto de Lei de Cambio Climático e Transición Enerxética.**
- 2. Que desista do seu propósito de tramitar unha modificación das condicións da ocupación de dominio público marítimo-terrestre que interprete e restrinja de forma arbitraria a duración das prorrogas extraordinarias reguladas pola Lei 2/2013 de protección e uso sostible do litoral, tal e como sucedía co proxecto que someteu a consulta pública a comezos de 2019 e co actual integrado no proxecto de Lei do cambio Climático e a Transición Ecolóxica.**
- 3. Que, no caso de manter este propósito de modificación das condicións de ocupación de dominio público marítimo-terrestre, o someta a unha nova consulta pública con prazo suficientemente amplo para permitir e facilitar a remisión de alegacións por parte de administracións e axentes sociais afectados.**
- 4. Que rectifique o cambio interpretativo que está a aplicar na resolución das solicitudes de prórroga de concesións en zona de dominio público marítimo-terrestre, posto que o Consello de Estado corroborou que a lei actual permite as prórrogas de 75 anos."**

Sr. Dominguez: xa digo, entre outras industrias, encóntrase tamén unha industria deste concello que é a piscifactoría do grupo Tres Mares, que tamén está afectada que no ano que vén se lle terminaría a concesión y se acabaría. Non vos leo mais, por qué mais ou menos xa se explicou da outra vez. Xa digo véñse moitas empresas afectadas en Galicia, pero sobre todo unha aquí no noso concello que é a piscifactoría de Lires que xa caducaría no ano que vén, entónce bueno pídlle ao resto dos grupo que apoién ésta moción.

Sra. alcaldesa: primeiro hai que votar a urxencia.

Sr. Dominguez: ah, hai que votar a urxencia, perdón

Sra. alcaldesa: bueno sometemos a urxencia da moción, votos a favor?

RATIFÍCASE A URXENCIA POR UNANIMIDADE

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



Sr. Vigo: mais ou menos votamos non hai moito tempo unha moción similar sobre éste tema, a verdade é que hai algúns organismos, os que xa levamos tempo na política que nos fan ver que son excesivamente belixerantes ca cidadanía en xeral, podemos falar de matrimonio, falamos de costas que realmente nun territorio como é o español os criterios foron mudando o longo do tempo, fan que vexamos edificacións, vexamos pobos turísticos no litoral mediterráneo e andalúz fundamentalmente e tamén algún no norte pero mais no sur ou no sureste que non teñen nada que ver con moitas das actuacións que se intentan facer no noso territorio buscando xerar economía , non? cando por riba se toman decisións intentando conservar o medioambiente que me parece unha actitude politicamente loable e que se debe ir por ese camiño pero que no fondo ao final conservamos o medioambiente pero si non conservamos as especies, en este caso humana por qué lle quitamos a capacidade de sobrevivir , pois estamos entrando nunha clara contradición , eu creo que, bueno, hai que ser considerados e para iso están as diferentes aleaccións , as distintas normativas que se creen e é necesario mudala completamente por qué se cadra no conxunto pode ser boa, ésta ou outras, si que hai que entender determinadas peticións puntuais que se fagan ee estudalas e ver se teñen razón ou non, eu creo que moitas delas si teñen razón e por iso posiblemente o noso grupo vai ser favorable a moción que se presenta por parte do partido popular.

Sr.Serxio Dominguez: ben, a postura do BNG, non cambiou absolutamente nada dende o pleno no que se trataron dúas mocións sobre éste asunto, polo tanto pouco mais que engadir, eu simplemente facer unha reflexión en voz alta que quizás sexa pois que cando a clase política, a mal chamada clase política, que ao fin e o cabo somos todos os que nos dedicamos dalgunha maneira a isto, pois a xente do común por dicilo dalgún xeito, nos tacha que vivimos de espaldas a realidade, pois situacións como ésta por desgracia danlle a razón.. a día de hoxe ninguén entende que Lires., por exemplo, que sería a primeira afectada, que en Lires desapareza esa industria, vén sendo dende os últimos 40 anos pois unha fonte de riqueza importante i por desgraza non hai moitas mais en toda a contorna. Si a posible desgraza que pode supor o conflito, que remate mal o conflito de Ferroatlántica, como por desgracia, xa o temos falado neste pleno, pois non pinta moi ben, imaxinemos que nun ano ou ano e pico non teñamos nin Ferroatlántica nin teñamos o grupo Tres Mares en Lires, é evidente que neste país i nesta comarca, se isto vai adiante, falo do país por qué se me vén a cabeza agora mesmo Alcoa i outras mais que se están deslocalizando i marchando. Si nesta bisbarra desaparecen éstas dúas industrias nun ano ou dous, ou os que sexan , aquí desgraciadamente só quedarán persoas maiores i eucaliptos, por qué é a realidade, o monte énchese de eucaliptos i a xente tén que coller a maleta e marchar, a situación é tan dramática que o outro día dicíame nunha conversa un señor maior que antes hasta tíñamos para donde marchar, podíamos coller a maleta e tíñamos para donde ir, agora nin para donde ir hai. Con esto quero dicir que a situación é moi fastidiada na costa da morte, témolo falado moitas veces neste pleno i a defensa dos postos de traballo evidentemente con todaslas de la lei, me refiro a que se respecte o medioambiente , que se respecten todas as leis habidas y por haber, pero bueno a defensa dos postos de traballo para nós , para o BNG son esenciais e polo tanto por supuestísimo vamos a apoiar ésta moción i só pedimos enlazando co principio da miña intervención, so pedimos a quen toma esas decisións que están sentados nun sillón de Madrid que se acercaran aquí , que viran a realidade da zona, que palparan a realidade dos traballadores e traballadoras, da xente que vive desas industrias i que se derán conta de que hai que facer as cousas de outra maneira que así non temos absolutamente ningún futuro, remato, o outro día indo para Santiago por razóns de traballo pois doume por mirar a ambos lados da estrada como naves industriais que no seu día eran cooperativas de traballo, ben sean adicadas ao gando, ben sean adicadas a outras industrias, industria textil e demais, se estaban convertindo e se convertiron en grandísimos almacéns, en grandísimos bazares



chinos. Si ese é o futuro que nos espera, moi mal lle vai ir as nosas xeracións vindeiras, moi mal lle vai ir os nosos fillos e as nosas fillas i eu creo que é o momento de parar as intencións que non teñen ningún sentido i esta lei para a costa da morte , para o pais galego non tén absolutamente ningún sentido, pode telo para o litoral mediterráneo pero está claro que para éste pais quen a redactou non tén absolutamente ningún coñecemento da realidade galega , co cal, vamos apoiar ésta moción para que saia adiante Sra. alcaldesa: sr. Hermida, alguna intervención?

Sr. Hermida: no, simplemente que a nosa postura vai ser tamén apoiar ésta moción, favorable.

Sra. alcaldesa: a posición do goberno é apoiar ésta moción, simplemente dar traslado de que onte tiver unha reunión na Coruña co xefe territorial de demarcación de costa do estado con Rafael Eimil, onde entre os temas que levaba era o problema de Tres Mares. O que me dou traslado Rafael Eimil foi que por parte de Tres Mares que solicitase novamente unha nova concesión, que o uso estaba permitido e que por parte de costas non iba a haber ningún problema en outorgar esa nova concesión, con independencia de que o prazo remate en abril do ano que vén, entón nada, simplemente dar traslado do que me comentou o xefe territorial de costas coa solicitude dunha nova concesión por parte de costas o uso está permitido e por tanto non iba a haber ningún tipo de inconvinte.

Sr. Dominguez: ojalá sea certo por qué tamén se dixo da outra vez que estaba o tema resolto e sin embargo sigue na mesma

Sra. alcaldesa: o que me dou traslado, digo literalmente o que me dixo, é: hai que solicitar unha nova concesión, non hai unha solicitude dunha nova concesión, foi o que me deu traslado, eu don traslado do que me dixo literalmente, entón eu dareille traslado a empresa a efectos de que solicite unha nova concesión, se logo hai problemas pois teremos que actuar, pero primeiro haberá que solicitalo e si contestan en sentido negativo pois tomaremos as medidas que teñamos que tomar hasta chegar a onde teñamos que chegar para defender os postos de traballo e a empresa , por suposto, pero o que me dou traslado digo literalmente o que me dixo

Sr. Vigo: reiterando un pouco o que dicía o voceiro do BNG , o señor Domínguez Louro, si que é certo que as veces cando xurden este tipo de problemas e cando un se da verdadeiramente de conta que é necesario de haxa representación territorial do estado digamos en Madrid e nos órganos lexislativos de España , centrados en Madrid , neste caso, no congreso e no senado e que podan trasladar ou non no goberno, por qué no goberno pode haber, neste caso hai persoas vinculadas a terra ou non de cal é a nosa situación e a nosa situación realmente e que é esa, e dicir,, nos non temos unha costa, e a nosa menos que outras degradada ou excesivamente degrada, é algo perfectamente recuperable que se pode integrar no medioambiente e que permitir determinadas actividades pois, sobre todo aquelas que levan anos desenvolvéndose, poden ter certo sentido e cando non supoñen ningunha agresión visual, cando menos aos cidadáns que estamos aquí ...pode ser que alguén que veña de fora poda chamarlle atención pois a piscifactoría, podría, tampouco vexo por qué pero podería chamarlle a atención, se é moi purista no tema medioambiental, pero hai que pensar que a xente tamén leva vivindo moitos anos, unha parte da poboación de que exista esa factoría ahí , e é como ferroatlántica, evidentemente si ferroatlántica desaparece, estou convencido que ahí non vai volver estar nunca e posiblemente eu sea dos que non quixera que estivera, pero son dos que, cando me manifesto en primeira fila para que se manteña e que siga funcionando e siga xerando a riqueza económica que xera no territorio, pero está claro que calquera de nós a día de hoxe, calquera empresa intenta ubicarse donde se ubicou carburos metálicos no seu momento , sería totalmente imposible, esa é unha realidade, pero unha cuestión é esa e outra cuestión é que unha vez que estás , unha vez que funcionas, unha vez que téis unha actividade unha vez que ahí un capital humano vinculado laboralmente a esa empresa e ademais nese caso tampouco xera ningún tipo de actividades especialmente nociva



cara o medioambiente pois simplemente por qué bueno cambia a normativa , cambia unha serie de circunstancias, pois hai que ter moito coidado con éste tipo de (ininteligible) que no fondo moitos poden pensar que son positivas, pasa co tema do gasoil , dos vehículos de todas éstas cuestións que a futuro podemos entender que é bo, pero os pasos hai que dalos pasiño a pasiño con moito cuidado por qué o final o que pode haber un desplome da economía, ao final, xa o que decía antes, xa non faga falta coidar o medioambiente, se non , non vai a haber xente que disfrute ese medioambiente, entonces bueno , pois por eso estamos nesa liña de apoio como estuvemos cando se presentou outra moción que non sei se foi o goberno si foi o BNG , pero que se presentou hai pouco tempo aquí no pleno.

Sra. alcaldesa: algunha intervención mais?

Sr, Dominguez: ca resposta que nos acaba de dar a señora alcaldesa, temos clarísimo, por qué esto terminase en marzo, que eso está acabado, eu creo que si, está acabado por qué pedir unha nova concesión cando simplemente o que tiñan e que prorrogala automáticamente como se facía sempre, si esto hai que pedila, esatmos xa no vran, pasa o verán pasa navidades, xa está marzo ahí, eu recomendaríalle que fagan outros proxectos que o futuro da piscifactoria vai por moi mal camiño

Sra. alcaldesa: non coincido para nada nese argumento Sr. Dominguez, simplemente que se solicite por parte da empresa a nova concesión antes de que finalice o prazo, que teñamos unha resposta i en función de esa resposta actuaremos, pero que se solicite unha concesión, é o que me dou traslado, estou plantexando unha solución que es unha solicitude, se solicita , esperamos a resposta, e se pode facer con anterioridade o mes de abril, fagamos o que teñamos que facer , por parte da empresa que se faga o que se te teña que facer e evidentemente defender a posición do emprego e que se manteña esa empresa alí, non creo , non sei cal é o problema a poder facer eso sinceramente.

Sr. Serxio Dominguez: ben , eu remitome ao que dixen antes cando falei, de cando vivimos, de que hai certas persoas que se dedican a esto da política que viven de espaldas ao mundo real, eu non teño por qué poñer en dúbida o que vostede di, nin por qué poñer en dúbida que evidentemente falou co señor Eimil, nin a palabra do señor Eimil, pero si é así de verdade é necesario poder volver a pedir unha prórroga, perdón, a pedir unha concesión cando se está interpretando a lei, bueno é que están interpretando a lei de maneira que as prórrogas , no caso de Tres Mares se acaba en abril, por qué non interpretan doutra maneira e xa acabou o problema, non entenden que detrás dunha empresa, a parte , evidentemente de quen xoga o seu capital, que son os donos e as donas desta empresa, tamén están 50 - 60 familias ou mais, o mellor son 50 traballadores, imaxinemos que o mellor poden ser 200 ou 300 persoas, esas persoas tamén están sufrindo ésta situación i eu non encontro ningunha explicación a que haxa que pedir outra concesión para estar como estaban, e dicir para iso interprete a lei da maneira que a tén que interpretar i non lle faga pasar éstos malos ratos digámolo así i bueno, evidentemente o que di o portavoz do PP é certo tamén , os prazos na administración son os que son i parece que estamos xogando un pouquiño contrareloj, estamos xogando a unha partida difícil de entender, polo menos para min é moi difícil de entender i eu creo que para a xente do común tamén é moi difícil de entender que agora a ésta empresa se lle faga pedir outra concesión, que xa está que están traballando alí, interpreten a lei ben, por qué pregunto , o que lle din a Tres Mares, llo van a decir a tódalas empresas, armamos unha lei para que todo siga igual? por qué a quen sexa interpreta esa lei dunha maneira pois que os demais non somos capaces de interpretala, bueno, sinceramente é un trauma de verdade que eu non vexo necesidade de pasar, en calquera caso, sexa como sexa , nos estaremos sempre por supuestísimo, sea como sea , me refiro o desenlace, si se pide outra concesión e non chegan a tempo por supuestísimo que nos estaremos para defender, que o grupo Tres Mares



siga ahí, pero repito (ininteligible) co anuncio, por suposto non estou decindo que sea unha decisión si non de quen compete, neste caso dunha orden de estado do señor Rafael Eimil.

Sra. alcaldesa: soamente por rematar e dar un matíz, podemos dar as interpretacións política que queiramos dar, pero a realidade é que teño unha resolución por parte de Tres Mares donde presentaron as alegacións correspondentes que estarán pendentes de que se resolva que eso sería un trámite con independencia de que ese tramite continue e non sabemos como pode rematar ou non rematar, se hai outra posibilidade que iniciando un novo proceso de solicitude dunha nova concesión de forma paralela a ese procedemento eu esgotaría todas as posibilidades de cara a protexer o que é o emprego e a empresa, simplemente é iso, evidentemente haberá diferentes interpretacións xurídicas i demais, pero eu esgotaría todas as posibilidades, todas as que me dan, simplemente é iso

Sr. Serxio Dominguez: no, por supuestísimo, con esto non estou convidando a que non exploren esa vía , simplemente digo que me parece case case surrealista que se faga iso, pero vamos seguramente a empresa téñ que facer ou sabe mellor o que téñ que facer do que lle podo insistir eu, pero vamos paréceme ao borde do surrealismo total.

VOTACIÓNS

Sométese á votación a moción e resulta aprobada por unanimidade dos presentes.

Intervén o Sr Dominguez Louro e introduce por urxencia a moción:

MOCIÓN PARA A RECUPERACIÓN DA INDUSTRIA NA RÍA DE CORCUBIÓN

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

En calquera economía, a industria é o sector de maior produtividade e o que xera o emprego de mellor calidade e estabilidade. Tamén é onde se concentran los maiores esforzos en innovación e desenvolvemento tecnolóxico e onde se xeran os bens que máis repercuten na calidade de vida e no benestar da poboación. Dende fai varias décadas veuse instalando a crenza interesada sobre os beneficios e progresos que poden aportar unha sociedade de servizos, esquecendo que está só é viable cando se apoia nos sectores primario e secundario. A ninguén se lle debe escapar que na nosa zona a gandería ou a pesca son, cada día que pasa, unha actividade de vida menor, os datos así o indican, cada vez menos barcos nos portos pesqueiros e menos explotacións gandeiras. Sen esquecer a necesidade de fortalecer eses campos, que as administracións autonómica e estatal deben velar pola súa supervivencia, compre tamén mentalizarse que sen unha sólida actividade industrial, o sector de servizos non será suficiente para garantir un futuro para as xeracións vindeiras, nin por suposto, para parte da actual.

A ACTIVIDADE NA RÍA

As condicións naturais da nosa ría fan dela un lugar propicio para o desenvolvemento de actividades industriais dificilmente transferible a outros puntos da costa próxima. Na retina temos aínda o acaecido coa intención dunha fábrica de tubos xigantes de ocupar parte da marxe esquerda da ría e que por motivos aínda descoñecidos por moita xente, acabou por marchar coas súas intencións para calquera outro lugar do mundo. Compre non esquecer tampouco o papel socio económico desempeñado polos



estaleiros durante moitas décadas na nosa vila. Centos de familias viviron dos barcos que alí se fabricaban, reparaban ou que logo viaxaban por todo o mundo. O seu peche significou o comezo da morte industrial do pobo, e que pode ter o seguinte episodio se os voitres que voan sobre Ferroatlántica, son quen de acadar os seus obxectivos.

A REALIDADE ACTUAL DOS TERREOS

Desde o Bloque Nacionalista Galego somos coñecedores das intención de varias empresas en asentarse nos terreos orfos da ría. En numerosas ocasións se teñen presentados peticións para poder comezar e ou reanimar a actividade industrial na zona. Sen ir mais lonxe, as instalación abandonadas de actividade dos estaleiros son apetecibles para empresas que se adican a reparación de barcos, mais esas encomiables intencións atopan sempre co silencio das administración correspondentes, co nulo interese por parte de quen ten a potestade sobre os terreos ou instalacións e co desinterese da clase política que mira para outro lado ou fai caso omiso por intereses ocultos a vez que facilmente deducibles.

Ademais, o documento de Delimitación dos Espazos e Usos Portuarios do Porto de Brens-Cee, recolle que existe a posibilidade de ampliación da zona de servizo, mediante a expropiación **dos terreos privados** que estiveron incorporados na Concesión Administrativa titular da xa **extinguida** concesión administrativa, e que se sitúan entre a estrada e a línea de deslinde marítimo terrestre.

Polo exposto até o momento, o grupo municipal do BNG solicita ao pleno do concello de Cee a adopción do seguinte acordo:

1. **Instar a Xunta de Galiza e a Portos de Galiza a sacar a concurso a concesión actualmente extinguida.**
2. **Instar a Xunta de Galiza a que faga cumprir o estipulado no documento de Delimitación dos Espazos e Usos Portuarios do Porto de Brens-Cee, no que acorda a ampliación dentro da zona de servizo, mediante a expropiación de parcelas, tal como recolle o documento de usos portuarios.**
3. **Instar a Xunta de Galiza a axilizar os tramites precisos, por vía urxente, para que as empresas privadas, actualmente interesadas, poidan presentar as súas ofertas e adherirse a concesión.**

RATIFÍCASE POR UNANIMIDADE A URXENCIA

Sr. Serxio Dominguez: a exposición de motivos é suficientemente clara, pero bueno , para nós temos informacións de primeira persoa , por decilo dalgún xeito de que hai empresas, que reiteradamente levan facendo peticións en portos de Galicia y que reiteradamente teñen como resposta o silencio, para nós é indispensable , acabamos de falar do grupo Tres Mares i parte do argumento podémolo usar para esto, para nós é impensable que estos terreos que a única zona industrial marítima da costa da morte pois se revitalice, veñan empresas para ahí que creen postos de traballo e que poidamos como dixen antes pois dar un futuro as xeracións vindeiras, para nós non tén ningún sentido pasar por ahí i ver eses terreos orfos, parados, ver as instalacións paradas cando a concesión xa rematou i é mais non é só que a concesión rematara , por qué ainda que non rematara era evidente que esas instalacións levan moitísimo tempo sin actividade, polo tanto se non queremos ser un deserto industrial, enlazando con ferroatlántica, enlazando co grupo Tres Mares é necesario aproveitar todas i cada un dos recursos que temos i nós na ría de Corcubión, na aprte que nos toca temos un tesouro industrial que debemos tentar pois que rexurda , que dea vida i que asegure cando menos a supervivencia de Cee i por supostísimo a da comarca, sin industria e sin postos de traballo vai a seguir o que está pasando agora que non hai mais que tirar de datos para ver que a poboación diminua



cada ano, que sin ir mais lonxe salís o outro día na voz de Galicia que dende as últimas eleccións ata o de agora pois hai 800 votantes menos, eso en tan pouco tempo significa que a progresión é en descendencia clara, polo tanto moi poucas oportunidades van a quedar de aquí para adiante si non as aproveitamos, e si non se aproveitan vai a ser irreversible, se dedicamos eses terreos a outros menesteres pois a aproveitalo para o espazo público y como se falou moitisimas veces como ocio i demais pois o final non quedará aquí mais que o que dixen antes , persoas maiores , xubilados i moi pouquiño futuro para as nosas xeracións, polo tanto pido apoio no pleno, para que estes tres puntos poidan ser levados adiante i reclamar ante a xunta de Galicia que esa zona sea de novo industrial.

Sra. alcaldesa: algunha intervención?

Sr. Dominguez: por suposto, nós estamos dentro de calquer tipo de industria dentro da legalidad como é lógico que se poda instalar na nosa zona, agora nos , con respecto a éste tema no programa noso electoral, levamos unha proposta concreta, que desde o noso grupo vamos traballar o posible para poder conseguilo que xa se había feito cando se sacara o plan xeral da outra vez, xa había un convenio orientado hacia eso, que os propietarios do astillero da Sicar cederan eses terreos a cambio do convenio que se facía dos terreos da parte de atrás, a idea nosa era de montar un porto deportivo, un astillero de barcos deportivos a mrina seca e incluso un club náutico, esa era a nosa idea, e pola razón que nos non lle vamos a votar esto a favor, por qué nos vamos a seguir traballando con ese horizonte,

Sr. Vigo: ben é verdade que a moción anterior do grupo Tres Mares, vale para un roto e para un decosido, por qué a mesma argumentación que fai que o noso grupo apoie a moción fai que non vaia a apoiar esta. Nunha das miñas intervencións , na última , creo, dixen que ferroatlántica se quixesemos ubicala hoxe donde está, todos sabemos que sería algo imposible , imposible e non sei si bo, bo no sentido de xerar economía, postos de traballos, pero si cadra a ubicación non era a mais idónea e nolo permitirían nunca , nos xa hai dous , tres mandatos municipais, o tempo pasa rápido pois presentamos unha solicitude dun pleno extraordinario, ca concelleira que tiña naquel momento o partido socialista para que se votase o posicionamento contrario do concello a instalación da fábrica de tubos nese espacio da ría , partindo da base de que entendíamos que o feito de que a concesión caducase, que se perdera a concesión , fora unha ganancia da ría de Cee e Corcubión, e dicir , a vertiente da ría que pertence a Cee pois quedaba con posibilidades dun desenvolvemento en outros ámbitos que antes non tiña, e non creo que necesariamente a actividade vinculada ao mar teña que estar ubicada ahí desde o porto de cobiles ata o porto novo que ademias apareciu non hai moitos anos, é moi ampla e tamén non podemos esquecer que o tamén o concello rexeitou que se instalase ahí unha actividade de desguace de barcos nun momento determinado e recordo ao señor Dominguez sendo alcalde coa policia local impedindo ahí impedindo que iniciasen as actividades naquel momento, donde se empezaban que eran ao final do peirao, nos creemos que ese espazo debe ser para actividades náutico- deportivas, non sabemos donde vai a estar o porto deportivo, nin si vai a estar algún día , si temos claro que aquí na nosa comarca hai dous portos deportivos e ningún está ubicado en mellor sitio que a ría de Cee-Corcubión, por qué a ría mais abrigada que hai en toda a costa da morte é a ría de Cee-Corcubión, e de feito os barcos que van na ruta cara o norte ou cara o sur, cando hai mal tempo veñen incluso hasta Estorde, incluso mais abaixo para abrigarse, polo tanto estamos falando da ría que tén as mellores condicións para este tipo de actividades náuticas, por qué son actividades náuticas de carácter deportivo e o que menos pretenden é ter condicións temporal adversas (ininteligible) entre Cee e Corcubión a actividade, que nun sitio estiveran os pantaláns que noutra a marina seca, hubo quen a marina seca incluso a menosvaloraba realmente eu son dos que penso que a marina seca é o que realmente deixa a rentabilidade económica que é donde están digamos os aparcadoiros dos barcos por decilo dalgunha maneira, as zonas de reparación , as tendas náuticas, e



os espazos hosteleiros de ocio, eu creo que ese tramo que tampouco é tan amplo pois pode vincularse a eso, e certo, que consta tamén o señor Dominguez de que en un momento determinado se plantexou a posibilidade de chegar a un acordo de un intercambio da parte privada , por qué ahi hai unha parte privada (ininteligible) por qué son conscientes de que hai unha parte privada dese terreo pois vinculala a unha actividade urbanística ao outro lado da estrada que vai cara a ferroatlántica, tampouco sería nada extraño por qué ademais completaría a malla urbana de Cee, polo tanto non creo que supuxera ningún problema sempre e cando se fixera en condicións de normalidade e non nos encontramos ahí con un rascacielos, si non con construcións normalizadas, no caso de que se fixeran así, pero estou xa indo a un terreo que iniciou o sr. Dominguez pero que non é o obxecto do posicionamento do noso grupo, o posicionamento é que a actividade industrial para nos acaba cando remata o porto de Brens e a partir de ahí non necesariamente téñen que ser unha actividade industrial como tal, de feito nos somos unha excepción en todo este territorio, temos unha actividade industrial de xeito circunstancial, o sea , tampouco podemos enganarnos, e dicir, o sector público foi (ininteligible) o longo dos últimos 100 ou 150 anos, pero a iniciativa ben sempre das persoas e das empresas e o que se foi facendo aquí, foi por qué bueno nun momento determinado unha serie de persoas entenderon que era bo poñer en marcha ese tipo de actividades, o astaleiro estaba en Cee non por qué a familia Castro-Rial fora de Cee, ou de Brens e Cee, estaba en Cee , por qué é a parte masi abrigada da ría, e eso calquer mariñeiro o sabe, por qué ademais a familia Castro- Rial tiña terreos noutro lado e na zona de Corcubiión, entón fíxose aquí polas condicións puramente climatolóxicas e por eso ubicouse aquí, igual que carburos metálicos inicialmente ubicase neste territorio desta zona por qué buscan unha enerxía barata, naquel momento a enerxía hidráulica e por eso se ubica aquí, se non iría para outro sitio e todos os momentos que pasamos mal foi por qué había posibilidades económicas noutros espazos, na primeira etapa de Villar Mir eran os países do oeste os que tiñan maiores condicións para ubicar instalacións de ferroaleaxes e demais e na etapa actual por qué o grupo tentaba tapar furados co que poidera sacar das empresas sobre todo da concesión (ininteligible) que tiña no noso territorio, entonces nós entendemos que ter esta beira da ría virxen, non virxen , pero si recuperar e que poida ter unha actividade mais atractiva, moito mais acorde co medioambiente e agora si, por eso quería ecir que ibamos entroncar unhas mensaxes con outras pero penso que son perfectamente compatibles, e é perfectamente compatible defender a concesión da piscifactoria de Lires con a non actividade industrial no espazo que antes ocupaba o astaleiro da Sicar, non? e nese tema estamos exactamente igual na mesma posición que estabamos cando se plantexou instalar ahí unha fábrica de tubos, que en concreto esa actividade parecía excesivamente agresiva, non sei que outras pode haber, pero seguramente haberá pero aquela me parecía excesivamente agresiva coa nosa ría e bueno, pois a xente asume o que asume e cando un está nunha zona tan deprimida economicamente como a nosa , chega a asumir calquer cousa, pero o final todos sabemos que un pode conseguir digamos un medio de vida de calquer xeito, pero non todos teñen a mesma dignidade , neste caso non é cuestión de dignidade pero é cuestión de manter un territorio nunhas condicións determinadas, sobre todo, sin necesidade de facelo en contra de ninguén, eu díxeno antes, eu nunca vou sair a calle cunha pancarta que diga : fora ferroatlántica da ría de Cee-Corcubiión, non se me ocurriría na miña vida, o contrario , agora tamén son consciente, si algún día se vai non vou a ser dos que pelexen para que ahí se ubique a corto non, pero a medio prazo ou a longo prazo por qué penso que teríamos que pensar noutro tipo de actividades, ese é o noso posicionamento por eso vamos a votar en contra da moción que presenta o BNG.

Sra.alcaldesa: sr. Hermida, algunha intervención?, por parte do goberno vaise abster, está (ininteligible) a relación do plan xeral como xa sabedes e evidentemente esperamos que en pouco



tempo xa empecemos a ter as comisións correspondentes, consideramos dende o goberno que é necesario estudar con maior profundidade o destino que se vai a dar a esa zona e con posterioridade se tomará a decisión pertinente.

Sr. Serxio Dominguez: somos conscientes de que o PXOM está ahí i bueno xa que vostede o di pois convidámola a que se estuden as posibilidades e que ésta sea unha delas e que sea tida en conta por qué queremos , repito que é necesario crear postos de traballo, é necesario ter industria, por qué si non o futuro é pésimo, as condicións climatolóxicas decía o sr. Vigo son boas da ría para o porto deportivo para as embarcacións deportivas i demais, claro e que as condicións climatolóxicas da ría tamén eran boas para que empresas se quixeran asentar nesas terreos e o final, éste pleno, bueno, non éste pleno, se non o pleno daquel momento declarouse en contra, unha oportunidade para nós perdida sen absolutamente ningún sentido, ou si, igual tén sentido pero evidentemente nos non o coñecemos, o sr. Vigo pon o exemplo de ferroatlántica, claro pero un astaleiro só se pode establecer na beira do mar, só se pode establecer nun sitio como a ría de Cee e Corcubión, a ría de Corcubión ou algo moi similar, ferroatlántica pois a todos nos gustaría , creo que firmariamos hoxe todos que o que hai ao lado desa praia, ao lado da outra fábrica arriba en Dumbría, quen di alí di noutro sitio que fose menos agresivo para o medioambiente i menos agresivo para as persoas, está clarísimo, esa si que se podría trasladar un astaleiro , por qué esta empresa da que nos temos coñecemento é un astaleiro que se quere ubicar ahí , evidentemente non se pode instalar no monte de Dumbría, estamos falando de que esa empresa pensa que pode chegar a 40 postos de traballo, evidentemente con todo o que xera na súa volta, con todas as industrias auxiliares que poden xerar na súa volta, e aínda que non fose así xa serían pois 40 familias que sería moi importante para elas, imaxinemos, poñamos por caso de que mañan e ogaññá fose así , verdade? unha empresa calquera comprase uns terreos que hai no parque industrial e que viñese con 20, 30, 40 postos de traballo, estamos seguros de que todos aplaudiríamos iso , verdade? sendo evidentemente unha industria pois que cumpla coa legalidade, bueno pois ahí tamén temos un pequeno polígono industrial i debemos de aproveitalo , asociar esas instalacións da maneira que sea, con calquer interés inmobiliario é redundar no que nos levou hasta aquí, no que nos levou a crise do 2008 i no que nos vai a levar a puta ruína, perdónenme a expresión, por qué sabemos como acabou o tema inmobiliario, os terreos están alí, supoño que no PXOM se contemplará, pero esos terreos non teñen por qué ter saída o mar, non teñen por qué ter sitio para aparcar o barco, en vez de sitio para aparcar o coche i eso realmente é o que está ahí e toda a xente o palpa , o interese que hai en que a parte de arriba teña unha saída ao mar directa, e para nós é unha verdadeira pena que non aproveitemos o que temos, repito, a costa da morte non pode vivir do turismo, estamos a 26 de xuño , e está chovendo, éste é o clima que temos, o clima que afortunadamente nos da os paisaxes i o modo de vida que temos, temos aproveitar outras, a costa da morte i Cee i os demais pobos poden vivir do turismo como actividade pois paralela a outras, exclusivamente non, eu creo que eso non o vai a negar ninguén, ogallá se cumpran os presaxios que din que o parador de turismo que vai a crear inercias que vai a traer mais, pode crear todo o que queiramos , pero a realidade é que neste país, nesta costa da morte chove nove meses o ano i chovendo si se fan barcos, chovendo si se reparan barcos, chovendo o turismo non aparece pola costa da morte, xa digo, para nós é esencial , é unha lástima que éste pleno non aprobe ésta moción i bueno cada un evidentemente expón o que lle parece oportuno, nós témolo moi claro eses terreos non poden ser pasto nin da especulación, nin de empresas inmobiliarias nin de intereses ocultos de sexa quen sexa, teñen que ser terreos postos a disposición do progreso de Cee, do progreso da comarca, se non uso tamén outra vez o argumentario de Tres Mares, acabaremso só aquí pois os que nos xubilemos se chegamos alá e veremos un monte cheo de eucaliptos i pouquísimo mais, voten o que



ustedes consideren evidentemente, pero repito o BNG está polo desenrolo industrial da costa da morte i aproveitar todas as súas potencialidades i ésta é unha potencialidade das fortes

Sr. Dominguez: vamos a ver , ou eu non me expliquei ben , para nada eu dixen en algún momento que eso vai ligado a ningunha explotación urbanística, sencillamente a calificación que tén agora mesmo o solo, por qué o convenio tén que estar po ahí por qué se presentou un convenio cando foi o anterior plan e non levaba nada, nada superior o que non teña xa neste momento, por qué agora neste momento figura no planeamiento con unha área delimitada, o sea , non iba a ter para nada mais calificación i a cambio deso o concello recibía a parte toda doastillero, eso entregábaselle toda ao concello, e por outro lado o grupo popular non se vai a opoñer para nada si hai un astillero que se quer montar ahí mañán , nos non vamos a opoñernos para nada , nin creo que se opoña tampouco a xunta de Galicia, para nada en absoluto, os terrenos que eran concesión antes, agora esa concesión está caducada, poden solicitalo cando queiran e non creo que nin a xunta se opoña, nin se vai opoñer éste partido aquí, éste grupo aquí neste concello, para nada en absoluto, ojalá mañan veña un astillero e se monte ahí, o que é concesión de portos, xa é concesión de portos e o resto é expropiable i punto i se acabou, agora nós no programa electoral que levamos era esa parte toda da carretera para abaixo , recuperala para o concello, para nun futuro facer ahí o porto deportivo, facer a marina seca e facer un astillero para a reparación de barcos deportivos, que sería vindo, mais ou menos o mesmo, por qué , por que a ría de Cee , o que decía o señor Vigo antes , é unha ría moi abrigada , a prueba é que o porto de Brens non tén contradique, por qué é un puerto natural de abrigo ésta ría , é bo para eso e para calquer cousa, insisto o partido popular en Cee non se vai opoñer nunca si vén unha industria , un tipo de astillero para nada en absoluto, e insisto , a xunta de Galicia non creo que lle poña pega a ningún astillero que se queira montar aqui, para nada en absoluto, por qué non aprobemos ésta moción, non por eso vai a impedirse que se monte un astillero mañán se se quere, nos non votamos ésta moción precisamente por qué vai en contra do que nós levamos no noso programa, non por outra cousa sr. Dominguez Louro.

Sr. Serxio Dominguez: sr. Dominguez Garcia, usted non cree que votar ésta moción en contra é precisamente oporse o que está decindo?, estoulle dicindo que hai intereses dunha empresa que se dedica a repaciós de barcos que quere instalarse ahí, o punto número un, instar a xunta de Galicia, a portos de Galicia a sacar a concurso a concesión actualmente extinguida.

Sr. Dominguez: que presente a solicitude na xunta e volve a traer a moción e no se preocupe que nós vámoslla a votar

Sr. Serxio Dominguez:estoulle dicindo que non foi unha vez, foron varias veces que xa presentaron en portos a solicitude i teñen a calada por resposta, usted está dicindo si vén inha empresa, estoulle dicindo que hai empresas que están interesadas, i mire , algo que me quedou atrás, as posturas creoo eu xa están marcadas i cada un xa sabe ben o que vai votar i xa sabemos todos as opinións dos demais, pero si hai un asteleiro que dea 20, 30 os postos de traballo que sean , eu vexo a xente de Cee traballando ahí, e vexo xente de Brens , de Pereiriña , de Lires de Toba, vexo xente de ahí, da Ameixenda , para que non se me esqueza, pero non vexo xente de Lires , de Toba aparcando o seu barco maravilloso último modelo na marina seca, sinceramente.

Sr. Dominguez: si realmente hai esa solicitude, por favor traianola , no próximo pleno, que por un mes non vamos a perder o astillero, non por nada , o que se encargaba deso en portos de Galicia , o que estaba hasta agora, por qué se jubilou hai dous , tres meses, bueno , tiña moi boa relación con él i me comunicaba destas cousas i nunca me falou nada de eso, nada, pero si de verdade hai unha solicitude, traianola aquí i eu farei o posible , o que eu poda influir por ser do partido que está



gobernando agora mais o que vai a gobernar despois do día doce, exercer a influencia que sea para que se monte o astillero aquí, queda en acta eso, verdade?

Sra. secretaria: todo, todo

Sr. Serxio Dominguez: esperaba esa contestación sr. Dominguez Garcia, pero mire , sea cal sea o resultado do 12 de xullo, eu espero que vostede non teña razón evidentemente, pero obrar en consecuencia, se vostedes seguen ahí tamén o convidado a que non espere por min, mais aló de que eu poida pedir ese papeleo, mais aló de que as persoas que se poñen en contacto con nós, nolos podan facilitar, vostede tén liña directa, vai a seguir tendo liña directa, pois eu convidado que a partir do día 12 de xullo, o día 13 se meta con esto , si o resultado é o que vostede pronostica, si o resultado non é o que vostede pronostica, que sería o ben para este país , eu farei o preciso para facerlle chegar a vostede e traer a este pleno, bueno, si hai vontade sempre se salva un verdade?, entón eu espero que sea así , en calquer caso repito a súa argumentación contradice o voto , é simple, por qué dalgunha maneira está falando dos votos que eu lle expoño non da exposición de motivos que non é a que votamos, si non os acordos , i os acordos é o que vostede está dicindo con outras palabras , en calquer caso, eu, pola miña parte se vostede non sigue , está todo falado.

Sr. Vigo: tres cuestións, a primeira que , aquel pleno extraordinario que se solicitou, non o ganamos que o perdemos, que a nós pasannos cousa moi raras que tivemos un concelleiro que tivo que ir a preparar a semana santa de Viveiro e non vén o pleno, entonces pois pasou o que pasou, eso por unha banda, pola outra outra decir que non tén nada que ver a cuestión urbanística co que estamos a falar, a cuestión urbanística é unha realidade a día de hoxe e tampouco lle pode extrañar a ninguén , sexa unha familia, sexa outra , sexa unha empresa que se complete a malla urbana de Cee nese espazo que vai do cemeterio de Cee ata Brens, por qué eso tén certa lóxica, o sea, hai outras cousas que se cadra non a teñen pero que se complete ese espazo a nivel constructivo, non tén para min nada de extraordinario, despois a saída que teña de mercado, xa é outra cuestión totalmente diferente e non tén nin siquera por qué estar vinculado a que se teña algún tipo de convenio ca parte de abaixo, que a parte de abaixo como ben di vostede e plantexa na moción, pódese expropiar e punto, en canto a empresa esta que non tén reposta da xunta, hombre , eu daríalle un concello , que falara cas das desguaces, por qué a primeira fracasou no seu intento no concello e fracasou xudicialmente , digamos que axustiza non lle dou a razón en todos os recursos que plantexou nos ámbitos xuridicos nos que podía plantexalos, pero eu todavía estaba de alcalde e xa había outra por ahí mareando a perdiz, por qué non sei como está o tema por qué (ininteligible), non sei si son os mesmos ou outros diferentes ou están recastados e hai parte e parte, pero , querer quereren e por parte da administración autonómica sempre houbo boa predisposición, se cadra o do asteleiro, simplemente que fale con estos por qué o mellor teñen boa acollida en portos de Galicia, eu tampouco sei moi ben quenes son , salvo aquelas persoas que coñecín fisicamente neste salón de plenos, nas reunións que tivemos naquel momento , que xa fai moitos anos, e con respecto a industria e con respecto o traballo, pois por suposto, si, o que pasa que hai que manter discursos digamos homoxéneos independentemente dos espazos e independentemente das actividades, por qué este discurso vale perfectamente para a empresa de Pontevedra de (ininteligible) de madeira, parece que tanto lle preocupa o seu partido e parece que moitas persoas vinculadas a vostedes, chamadas por vostedes saian a rúa a protestar para que se peche cando realmente están xerando moita economía e moita vida, e dígolle por qué coñezo e coñezo moita xente que vive desa actividade nun espazo determinado, eu sin embargo digo o mesmo , eu non saio a calle con unha pancarta para decir, fora ENCE, nin salgo con unha pancarta si ENCE macha, ou lle caduca a concesión para decir vamos volver a colocar ENCE donde estaba, eu non a colocaría nunca donde está , pero agora está e xenera unha actividade económica moi importante, e



tén un colectivo de traballadores e de empresas auxiliares moi importante, e dicir, o argumento é exactamente igual o que non pode variar é si cambia o espazo, o argumento sociopolítico téñen que ser o mesmo, en este caso o noso é o mesmo, eu creo que hai empresas mal ubicadas, e si deixan de estar terán que buscar outra alternativa, se ese motivo teña orixe a que se teña que marchar ou pechar ou o que sexa, e outra cousa e que se poida montar, que é o plantexamento actual, é dicir, utilizamos este espazo para recuperalo en un ámbito totalmente distinto recuperando medioambientalmente a ría ou seguimos degradando o espazo con unha actividade industrial, e ante o que di que a costa da morte non lle queda industria, non e que a costa da morte desgraciadamente, nunca tuvo industria, de peso, aquí se viviu do que se viviu, a zona agrícola da agricultura, a zona do mar, do mar e nós somos algo extraño que está ahí no medio, que fui mudando o longo do tempo, eramos un pobo mariñeiro donde tamén se palillaba como nos sitios que se palilla e que a historia fixo que isto fora mudando por varios motivos sin presencia da industria, pero non éa actividade fundamental do noso territorio, ogallá fora así pero non o é, e o turismo non é a única actividade económica da que pode depender este territorio, pero é verdade que nos últimos tempos, se convertiu nunha actividade moi importante e hai moitas familias que viven do turismo na costa da morte, por qué bueno se afondou nese campo e foi funcionando, a pesar de que chova, non todo o mundo quere tumbona, bikini e sol, e dicir, hai moita xente que non lle importa que chova, téñen actividades de sobra que as fan con chuvia sen problema ningún, xa sexan ao aire libre ou en pechado, e dicir, penso que temos un territorio que incluso mentar a chuvia, o final é negativo para a zona, e non chove tanto como dicimos que chove e como pensa a xente que chove, e dicir chove o que chove e cando chove, claro, hoxe chove, por exemplo.

Sr. Serxio Dominguez: moi rápido, por qué esta comparación astaleiro-ENCE, non a está falando en serio, quero pensar que non é seria, non téñen absolutamente nada que ver o impato de ENCE na ría de Pontevedra con un posible astaleiro na ría de Corcubión, absolutamente nada que ver i vostede é consciente diso, i o turismo claro que é importante, non o estou dicindo que non o sexa, digo que non pode ser o único claro que o é i claro que hai moitas familias que o viven i claro que hai moitas outras que nos axudan, por qué eu de algunha maneira tamén me adico a iso, pero a realidade é esa, a realidade e que sin actividade industrial sin aproveitar as potencialidades o futuro é negro i os datos socioeconómicos están claros e que cada dous por tres hai na prensa i son facilmente palpables, iso é o que me refiro, ese é o argumentario que non téñen absolutamente nada que ver co de ENCE, o de ENCE é unha industria que hai que trasladar, é unha industria que hai que trasladar, non pode estar donde está i acabouse a prórroga, se lle renovou i etc etc i hai outra maneira de facelo i outras posibilidades de facelo noutro lado, evidentemente a industria da que eu estou falando, non, como tampouco podría ser no seu día a fábrica de tubos, en calquer iso i xa para non esquecer, eu tampouco dixen que o boom inmobiliario estea detrás, que os intereses inmobiliarios estean detrás, agora, non podemos ser hipócritas i a realidade é que (ininteligible) que supón o que supuso o mercado inmobiliario sigue encima deses terreos, iso é indudable, podemos disfrazar, podemos usar os eufemismos que queiramos, pero eso é innegable i si pasa o que todos pensamos que vai a pasar, facilmente será comprobable i verémolo nós, que eso é o peor de todo, o peor de todo me refiro a que será en pouco tempo, sen mais, é necesario tódalas actividades i é necesario aproveitar as potencialidades que temos, poñáme o outro día un compañeiro que se dedicou moitos anos o mundo do mar, que poñía exemplos dos países baixos, non se distinguen precisamente os países baixos por non ser respectuosos co medioambiente, por ter actividades que dañen i que afecten a poboación i demais i son punteiros, polo tanto nós deberíamos aproveitar esas potencialidades i esa é unha.



Sra. alcaldesa: soamente un matíz, cando dis que o veremos en pouco tempo, non vai a ser en tan pouco tempo por qué, o plan xeral, temos que primeiro delimitar Cee con Dumbria, Cee con Fisterra, e hai que empezar por ahí, así que tempo a tempo.

Sr. Serxio Dominguez: os marcos neste país sempre deron moitos problemas, cando falo de pouco tempo non falo de pouco tempo, por iso decía que o vamos a ver nós, é dicir, poden ser anos, pero esperemos que todos os que estemos aquí que o vexamos, a eso me refiro, non falo de meses, nin un par de anos.

Sra. alcaldesa: por comentar que o cemiterio do Ezaro o temos en Cee, e parte dos eólicos de Dumbria, están en Cee.

Sométese á votación a MOCIÓN e NON resulta aprobada no seguinte sentido:

VOTOS	PSdeG-PSOE	PP	IXCEE	BNG	CIUDADANOS
FAVOR	-	-	-	2	-
CONTRA	-	3	3	-	-
ABSTENCIÓNS	4	-	-	-	1

Sr Pérez, introduce por urxencia a seguinte moción.

MOCIÓN SOBRE A NACIONALIZACIÓN DE ALCOA

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Toda a comarca da Mariña está a mobilizarse nos últimos días para evitar o posible peche da planta de Aluminio en San Cibrao, o que suporía a perda duns oitocentos postos de traballo entre empregos directos e das empresas auxiliares. Debe lembrarse que Alcoa ten máis de mil traballadores nas dúas plantas, Alúmina e Aluminio, e as empresas auxiliares, máis de setecentos. A empresa vén de anunciar o inicio do proceso formal de consultas para o ERE da planta de San Cibrao o 25 de xuño, que suporá o despedimento de máis de 500 persoas, sen agardar a ningunha negociación que permita o mantemento da factoría.

Alcoa xa comezou en marzo unha parada das cubas en electrólise, que aínda que naquel momento se anunciou como temporal, parecía preludiar xa o camiño cara a un posíbel peche. A día de hoxe xa están inactivas entre 18 e 21 cubas. Esta medida xa tivo consecuencias directas nas empresas auxiliares con 43 traballadores en ERTE.

O principal problema que ameaza a viabilidade da empresa son os altos custos da enerxía eléctrica, que resulta imprescindible para a produción na planta de aluminio.

A solución ao alto custo da enerxía tanto para Alcoa, como para o resto das empresas consideradas grandes consumidoras de enerxía no noso país, pasa pola posta en marcha dunha Tarifa Eléctrica Galega, como sempre defendeu o BNG. Na Galiza somos exportadores de enerxía, soportamos os custos ambientais desa produción, polo que sería de xustiza, que en compensación, o territorio galego puidese regular o seu propio marco enerxético e que o custe fose menor para as súas industrias e consumidores en xeral.



Ademais, outras medidas que poderían paliar a situación, como a reforma do Estatuto do consumidor electrointensivo, comprometidas polo Goberno central e que aínda non están vixentes, posibilitarían a adquisición de enerxía a baixo custo, tema respecto ao cal, a propia empresa lamentou publicamente que desde o Goberno non se deu ningún sinal de cambio.

O Goberno deberá pór en marcha medidas que supoñan un abaratamento do custo da enerxía, para permitir a viabilidade económica e produtiva desta empresa e do conxunto da industria electrointensiva.

